

O R É X I M E
X U R Í D I C O
D A L I N G U A
G A L E G A

Daniel Garcia Ramos

Maxistrado do Tribunal Superior
de Xustiza de Galicia

I Factores socio-políticos conformantes da nosa realidade idiomática.

Unha das grandes creacións do pobo galego é a lingua –a súa lingua–, froito da loita do espírito por acadar-la súa propia identidade colectiva, unha expresión verbal xenuína. Verbas que tomo –en lembranza emocionada– de D. Ramón Piñeiro.

Terra e lingua son as dúas raíces máis profundas da comunidade social galega; as que lle dan conciencia da súa identidade e da súa unidade, tanto para os que vivimos no propio País como para tantos e tantos que tiveron que abandonalo para ir vivir –e quizais, morrer– en terras alleas, e, moitas veces, de lonxe. É, por isto, polo que a lingua non soamente é un dereito individual, senón que tamén é –sobre todo,– a meirande e máis profunda expresión da realización histórica do Pobo Galego, ó constituí-la cerna e a saíba da súa personalidade, da súa irrenunciable razón de ser como tal Pobo, fronte a todo e a todos, ante o seu propio destino, que con frecuencia se amosa, na nosa historia, como fado –non doado– de mante-la nosa identidade cultural, social e, mesmo, territorial. Deste xeito e en tales momentos cínguese aquel destino á adversidade da incompreensión, do descoñecemento e –cantas veces– da aldraxe e da inxustiza ante noxentas marxinações e opresións derivadas dunha dominación política, inmanente a unha secular concepción centralista.

Neste marco histórico e sociolóxico hase centra-la perspectiva xurídica da nosa realidade idiomática.

A primeira premisa –que corroboran os historiadores e os sociolingüistas– é que o galego foi lingua secularmente asoballada, e que –pola súa constante e despectiva marxinação– se xerou ese compoñente psicolóxico –non só a nivel individual, senón tamén colectivo– dunha infraestimación cultural. A gravidade do constatado é tanto máis trascendente canto que afecta á nosa dignidade e orgullo como Pobo, que, aínda así e todo, reaccionou, nos seus niveis sociais menos privilexiados, acadando o que podemos calificar de “milagre idiomático”: a conservación e a supervivencia da nosa lingua fronte á descomunal agresión da que foi obxecto durante séculos. Aquel milagre concrétase nun significativo feito, estatisticamente demostrado: o 97% da poboación en Galicia fala ou entende o galego.

En canto ó seu status xurídico, unha ollada retrospectiva á nosa historia máis próxima móstranos que foi a Constitución republicana o pri-

meiro paso legal, malia que tímido, no recoñecemento oficial da realidade multilingüística do Estado español.

Sen embargo, os séculos escuros –agás o lóstrego de esperanza subliñado– tórnanse aínda máis tenebrosos –se isto fora posible (longa noite de pedra, que diría Celso Emilio)– no dilatado período autoritario, do que aínda hai a penas dous lustros logramos saír; e durante o cal, con sórdido e sistemático ataque ás linguas e ás culturas dos pobos con entidade histórica no territorio do Estado, se pretendía esnaquiza-la súa personalidade e a auto-conciencia dos seus respectivos cidadáns. Todo iso coa inxente máquina dun raseiro aniquilador e uniformante; do que Galicia foi cualificada vítima.